



EXPDTE	SESIÓN CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL (CES) DO 29.03.2016.	02/2016
TRÁMITE	Borrador da acta.	

Na Sala de Xuntas da sede do Concello de Pontevedra, sita na rúa Michelena nº 30, sendo as 19.11 horas do día referido, reúnense as persoas que se sinalan, baixo a Presidencia que se precisa, co fin de proceder á celebración de sesión segundo orde do día previamente notificado.

Presidencia	D ^a . María Carme da Silva Méndez, en canto Vicepresidenta.
-------------	--

AEMPE	D. José M ^a Corujo Seguido
Cámara Oficial de Comercio, industria e navegación	D. Eduardo Barros Pereira
Fundación Galicia Obra Social	D ^a Carlota Sánchez-Montaña Puga.

Grupo municipal BNG	D ^a . Anabel Gulías Torreiro
Grupo municipal PP	D. César Alberto Abal González
Grupo municipal PSdG-PSOE	D. Agustín Fernández González
Grupo municipal MaPo	D. Luis Rei Núñez
Grupo municipal Mixto (C's)	D. Manuel Pena Gestido

Xunta de Galicia: Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria	Escusa a súa asistencia por correo electrónico.
Vicereitorado da Universidade de Vigo	D. Juan Manuel Corbacho Valencia.
Federación da AA.VV. Castelao	Non asiste

Confederación Intersindical Galega (CIG)	D. Marcos Conde Farto
Unión Xeral de Traballadores (UXT)	D ^a . M ^a Teresa Filgueira Prol
Comisións Obreiras (CC.OO.)	D. Antonio Millares Jorge

Federación de cooperativas Sinexia	Non asiste representante, tendo solicitado a súa baixa.
------------------------------------	---

- Secretario: José Luis Mato Rodríguez.

1. Aprobación da acta da sesión anterior de 12.01.2016.

Sen intervencións, o borrador da acta da sesión apróbase por unanimidade dos presentes.

2. Determinación da entidade a considerar do sector da Economía Social (art. 4-j do Regulamento) ante a renuncia da Cooperativa Sinerxia.

Dada conta do informe do servizo municipal de Promoción Económica, polos presentes de común acordo decídese designar á entidade “Fundación para a discapacidade e emprego Juan XXIII” como representante do “sector da economía social “ no Consello Económico e Social.

3. Avaliación socio económica do Concello.

Incorpórase a sesión o Sr. D. Pedro Figueroa Dorrego.

Lémbrase pola Presidencia a creación do Observatorio socio económico en colaboración coa Universidade de Vigo, e solicita do Sr. Figueroa que faga unha análise dos datos que constan no informe correspondente a 2015.

Explica o Sr. Figueroa a documentación aportada, que sinala foi enriquecida posteriormente a un primeiro borrador cos datos da comarca. Da conta dos que interviñeron na súa redacción e de que non foron remunerados por este traballo. Están a traballar desde o 15 de xaneiro que se asinara o contrato.

Expón os datos incidindo en que a información é “extremadamente limitada” e analiza diferentes ámbitos (ensino non universitario, cohesión social...). Sinala que intentarán facerse coa información necesaria para completalos, especialmente a través das Administracións Públicas e dos axentes sociais.

Insta preguntas polos presentes, mais fai unha explicación xeral concluíndo que a situación de Pontevedra é “relativamente boa”, partindo dos indicadores de que se dispón e en comparación coas restantes cidades. Advirte de que o máis chamativo é “a menor dinámica”, e preocúpalle a “taxa de tendencia” explicando que é un valor demográfico que está a diminuír.

*INCIDENCIA.- Neste momento, sendo as 19:30 h., incorpórase á sesión a Sra. D^a. Carlota Sánchez-Montaña Puga.

Continúa coa súa exposición o Sr. Figueroa, manifestando que o concello se encontra “ben posicionado” na creación de empresas, pero que existe unha redución na creación de autónomos, de sociedades mercantís constituídas.

Pregunta a Sra. Gulías sobre o peche de empresas, se existen datos comparativos, remítendose o Sr. Dorrego aos que constan no informe.

Bota de menos o Sr. Figueroa dunha certa falta de incentivación aos anteriores, dun “sistema emprendedor”.

Respecto do emprego, será algo a contrastar cos axentes sociais, advirte de que os datos da EPA a nivel cidades hai que tomalos con precaución, de tal forma que desde una perspectiva “académica” non poderían incorporarse ao seu informe. De pedirse a súa incorporación faríase un informe específico ao respecto.

Pregunta o Sr. Pena Gestido se Marín non está incluído no informe.

Contesta o Sr. Figueroa que pertence á comarca do Morrazo, que debería estar incorporado ao informe pero que cada concello que se inclúa supón o tratamento de moitos máis



datos.

Agradece a Presidencia o traballo e colaboración da Universidade, dado que o contrato concertado co Concello non compensaba os seus custos. Solicita a autorización dos presentes para poder pasarlle os seus datos de contacto ao Sr. Figueroa co fin de que este poda obter máis información de partida.

En canto á “área de influencia”, de incluírse no eido do traballo desbordaría a capacidade do Concello, entende, e habería que solicitar a colaboración da Xunta. Pese a todo, engade, partindo dos datos propios se pode ir avanzando.

Agradece de novo en nome do CES o traballo realizado.

Amosa o seu desexo de que o traballo sexa útil o Sr. Figueroa, incidindo en que o problema dos Observatorios é o seu mantemento polo seu custo, que só se xustifica pola utilidade da información que aporten. Insiste na colaboración que demanda dos colectivos presentes, e que por estes se presenten as propostas de mellora que se estimen.

Pide algunha aclaración sobre os datos aportados o Sr. Corujo, contestándose polo Sr. Figueroa que se trata de datos oficiais dos organismos públicos, non sendo doado acadalos.

Neste sentido expón o Sr. Corbacho as dificultades existentes ou os diferentes criterios que se poderían seguir á hora de determinar, por exemplo, o número de alumnos matriculados.

Debátese brevemente entre os presentes sobre a cualidade dos datos obtidos e as posibles fontes, así como das limitacións do estudo polo alcance do encargo, o seu ámbito espacial...

Reitera o Sr. Figueroa nas limitacións dos datos aportados.

Apunta o Sr. Rei que é moito máis importante Marín que Campolameiro, p.ex.

Sinala o Sr. Figueroa que moita da información que existe é a nivel comarca, soamente.

Insiste o Sr. Corujo na importancia do porto Marín-Pontevedra.

Incide a Presidencia en que os datos aportados son “polo gordo”.

Continúase co debate respecto do ámbito do estudo.

Considera o Sr. Rei que serían moito máis útiles para Pontevedra os datos procedentes de Marín- Poio- Pontevedra. Pide que tamén se inclúa un estudo sobre o uso do transporte público en Pontevedra en comparación con outras cidades.

Neste último aspecto, apunta a Presidencia, non hai datos, se ben quizais agora si empezarán a terse logo da sentenza que anula as concesións de liñas.

Comenta o Sr. Figueroa que preguntará na Xunta, e tamén que podería cambiarse o ámbito do observatorio.

Advirte a Sra. Gulías que este é un primeiro paso, dado que a dotación do contrato concertado era moi limitada. Pide que o informe se efectúe dun xeito académico e técnico, para que os datos obtidos teñan certa proxección.

Por outra banda, continúa, non ha esquecerse que se trata dun observatorio local de Pontevedra, e esta é o foco. Poden afectarlle fluxos, pero non só de Marín, senón tamén de Vila-garcía, Vigo... Insiste na limitación do presuposto do encargo.

*INCIDENCIA.- Neste momento, sendo as 19:59 h., incorpórase á sesión o sr. Conde far-

to.

Pregúntase polo Sr. Fernández González se incluír a Marín suporía moita “distorsión”.

Contéstase polo sr. Dorrego que incrementaría notablemente o traballo, que se partiu da información comarcal, que podería ampliarse a área de influencia, pero que o traballo sería en gran parte inviable.

Apunta o Sr. Pena que os autónomos son empresas, cuestionándose ata qué punto se considera como valor económico o autoemprego. Pregunta o dato do PIB de Pontevedra.

Contéstase polo Sr. Figueroa que aínda non se chegou a ese punto.

Agradece o traballo realizado o sr. Fernández González, pero insiste na inclusión de Marín polo peso do porto, co que os datos probablemente variarían.

Lembra a Presidencia que o traballo se está a realizar segundo o encargado polo CES, por comarcas.

Apunta o sr. Pena que entón non poderán comparar.

Incide o Sr. Figueroa en que o traballo leva tempos, hai que comprobar os resultados e ir mellorando, insiste en que o traballo leva tempo.

Séguese a debater entre o ámbito físico do traballo a inclusión de Marín.

Conclúe o Sr. Figueroa que para o ano virá en considerarse en lugar da comarca a área de influencia.

Respecto dos datos do paro, coincide o Sr. Fernández González en que son “pouco fiables”, que non reflicten a realidade de Pontevedra.

Resposta o Sr. Figueroa que se partiu “do que hai”.

Entende a Presidencia que o paro rexistrado ten a mesma distorsión que o resto dos datos.

Reincide o Sr. Figueroa na importancia das series temporais.

Comparte o agradecemento á Universidade o Sr. Millares, quen insiste no valor dos datos para coñecer a situación da cidade e melloralá. Considera que Pontevedra ten un problema grave porque se sustentaba na construción, servizos e na estacionalidade do emprego. O problema do desemprego entende que é máis grave que noutras cidades, hai moita destrución do existente e pouca creación de emprego novo a cambio. Parte a estes efectos dun estudo presentado ante o CES no seu día. Explica que o informe do observatorio debe permitir sacar conclusións. Pide que se insten actuacións doutras Administracións, por riba das que o Concello poida afrontar. Coincide coa importancia de contar cos datos de Marín.

Manifesta así mesmo o seu agradecemento polo traballo o Sr. Abal, se ben bota de máis os demográficos en contraste coa utilidade que o propio estudo puidera ter para os emprendedores. Tamén considera excesivas as comparacións, fronte á ausencia de recomendacións sobre aspectos económicos.

Explica o Sr. Figueroa que este informe parte do borrador que entregaron ao CES pero mellorado, se ben de novo insiste nas súas limitacións: “trátase dunha información cuantitativa, non cualitativa”, precisa, e tal era o sentido do encargo, e o que se está a pedir sobrepasa a intención amosada.



Incide no valor da demografía en Pontevedra a Sra. Sánchez, que considera moi positiva.

Prodúcese un pequeno debate respecto da concentración poboacional a nivel galego, de cidades, contrastes entre núcleos e arredores...

Apunta o Sr. Pena que noutra sesión se quedou en que os datos que se aportarían serían económicos.

Contéstase pola Presidencia que aínda se está a traballar neste proceso. Finalmente, e sen máis intervencións neste punto, pola Presidencia de novo se agradece a presenza do sr. Figueroa nesta sesión do CES.

4. Propostas en materia de emprego.

Propónse pola Presidencia que se deixe este punto para a vindeira sesión do CES dadas as limitacións do estudo presentado e a ausencia de propostas aportadas polos membros.

Lembra o Sr. Farto que xa noutra sesión o seu sindicato aportara unha serie de propostas xerais, das que da copia neste momento aos presentes e se incorporan ao expediente da sesión.

Pola súa parte, alude o Sr. Fernández González a unha moción aprobada polo pleno do Concello no que se lle instaba ao goberno municipal a presentar propostas no CES. Parécele ben que se demore o punto, pero entrega neste momento propostas do seu grupo, copia das que se incorporan ao expediente da sesión.

Pola Presidencia dáse lectura ao aprobado na sesión anterior do CES neste sentido, insistindo na falta de presentación de tales polos presentes. Respecto das mocións acordadas no Pleno, entende, "son outras cuestións".

Insiste no mandato do Pleno o Sr. Fernández González, que foi posterior á sesión do CES; mentres reitera o acordado no anterior CES a Presidencia, se ben poderían facerse aportacións en calquera momento.

Considera que existe un erro na formulación defendida pola Presidencia o Sr. Millares, aludindo a que o seu sindicato xa presentara en 2013 unha serie de propostas neste tema, e "quere pensar" que algo se fixo con aquelas. Por iso, continúa, non se presentaron de novo.

Apunta a Presidencia que hai membros novos do CES que non tiñan tales propostas, e da lectura literal ao acordado polo CES na súa sesión anterior no que atinxe a este punto. Insiste en que o informe trasladado non tiña avanzado no seu aspecto económico, polo que entende que non se presentaran propostas, de aí a razón da súa suxestión inicial de deixar este punto para outra sesión.

Manifesta que volverán a presentar as súas propostas o Sr. Millares, moitas das que, expón, non precisan de actualizacións senón de vontade, como a asunción dos servizos. Pide que este punto non quede pendente ata 2017.

Intervén o Sr. Rei quen precisa como segundo o Sr. Figueroa o informe socioeconómico non estará ata setembro, reincidindo no acordado polo Pleno en canto á creación dunha partida presupostaria destinada a crear emprego, e que o plan de emprego fose presentado no CES. Chámalle a atención que respecto das propostas de xestión de residuos, sen embargo, non exista nada e se inclúa na orde do día. Prefire escoitar as propostas do grupo de goberno respecto do emprego que deixar o punto pendente.

Toma a palabra a Sra. Gulías quen fai unha explicación sintetizada das liñas que se pretenden seguir e que se presentaron na mesa de Comercio, e mesmo podería entregar por escrito de pedirse. A continuación, fai unha profusa explicación das actuacións que se pre vén en diferentes eidos, como a formación (fora para desempregados ou non parados para mellora de habilidades, ILES, plans proxectados cos seus obxectivos e destinatarios, convenio co colectivo “Amigos de Galicia”...); plan de actualización dos servizos municipais en materia de emprego; no comercio coa marca “Capital shopping”; comercio de barrio, traballos coa hostalería; no observatorio urbano coa Universidade; “Espazo creativo” en colaboración con alumnos da Universidade; potenciación do mercado de abastos, coa recuperación do seu 1º andar e programa “7ª feira”; traballos con diferentes sectores produtivos...

Ofrece maior información de solicitarse, amósase aberta a suxestións e estudarán as propostas achegadas.

Considera “traballado” o tema do comercio o Sr. Millares, mais entende que os proxectos presentados poderían ter un alcance máis global e cun maior impacto na creación de emprego. Insiste no papel das Administracións neste sentido e entende que o Concello de Pontevedra ten unha ampla marxe, como mediante a recuperación de servizos, o que xeraría moito emprego aquí. Solicita, así mesmo e dentro dos marxes legais, que se potencie a contratación en Pontevedra e incide na importancia do turismo.

Agradece o Sr. Abal o esforzo explicativo da Sra. Gulías, que considera poderían seguir outras Concellerías, aínda que podería non estar de acordo con moito do exposto.

Pregunta qué feiras non van seguir respecto das anteriores.

Contéstase pola Sra. Gulías que neste momento non se considera que teñan máis utilidade “expo beauty”, “ponte a punto” e “pombo”.

Amósase o Sr. Rei de acordo con moitos dos proxectos, pero pregúntase en qué se traducen. Apunta a que o comercio se desprazou a 2 rúas, nas que non hai moito comercio local senón multinacionais. Hai moitos comercios pechados e apunta a diversidade do mercado de abastos.

En definitiva considera que hai boas propostas pero pregúntase cáles son as prioridades “con retornos a curto prazo”.

Refire a Sra. Gulías que intentou apuntar as liñas estratéxicas, que o Concello non ten capacidade de intervención en canto que “Inditex abra tendas”, pero que cos proxectos anunciados intentará que a xente coñeza alternativas. Insiste nas limitacións orzamentarias.

Respecto da asunción dos servizos requiriría dun debate específico; e en canto ao turismo pode explicar os seus proxectos.

Suxire o sr. Millares, xa que hai algunhas propostas presentadas, que se forme un grupo de traballo sobre estas, para que o CES poda traballar sobre uns mínimos.

Pide o Sr. Farto que se aporten propostas aparte de críticas sen máis, e que nesta mesa se poden facer.

Manifesta o Sr. Fernández González que “critica a quen debendo aportar non aporta”.

Considera a Sra. Filgueira que neste momento non hai suficientes datos para poder facer novas aportacións. Pide que todos orienten o seu traballo ao fin común cara solucionar o principal problema de Pontevedra, o paro.

Resume en 3 puntos as propostas do seu grupo o Sr. Abal: Permanencia de ENCE; planta de biomasa e defensa do porto de Marín.



5. Información sobre o novo sistema de xestión de residuos.

Explícase pola Presidencia que se está a or en marcha un novo plan, cuxa exposición sería longa, polo que en atención ao avanzado do tempo propón aos presentes que asistan á presentación pública que se efectuará do mesmo o 14 de abril.

Pregunta o Sr. Abal González se non se considera importante un posicionamento do CES ao respecto.

Considera a Presidencia que logo de que o propio CES teña coñecemento, para poder opinar.

Solicita o Sr. Millares que a documentación que exista se remita vía correo electrónico aos membros.

Conclúe a Presidencia que pouca documentación hai por escrito, pero que se enviará.

Non entende adecuado o Sr. Abal que a explicación ao CES se faga no acto público.

Contéstase pola Presidencia que podería facerse agora, que propuxo a invitación ao acto público polo tempo que leva a sesión, e que de todos modos na Comisión entregouse a documentación aos grupos políticos.

Para o Sr. Corujo coa información por escrito pareceríalle suficiente.

Insiste o Sr. Millares en que se o que se pretende é que se fagan aportacións polo CES a documentación debería entregarse canto antes.

Finaliza a Presidencia en que se pasará por escrito a documentación que exista sobre este tema.

6. Rogos e preguntas.

Non se producen.

E sen máis asuntos que tratar, de conformidade co acordado polos presentes, pola Presidencia dáse por levantada a sesión, sendo as 21:37 h. do día indicado.

Pontevedra, 27.06.16
O SECRETARIO

Vº e PRACE, A PRESIDENTA

José Luís Mato Rodríguez.

María Carme da Silva Méndez.